

Paseo Literario ...

PARADA 1: EDITORIAL GALAXIA

Nesta rúa Recoquista estableceuse a sede da [Editorial Galaxia](#) en 1951, logo de constituírse en Santiago de Compostela a Asemblea fundacional da editorial, nos baixos do Hotel Compostela, en 1950. Actualmente a Editorial Galaxia ten a súa sede na Avenida de Madrid, no número 44.

Carlos Casares Mouriño publicou toda a súa obra narrativa nesa editorial e a ela dedicou gran parte da súa vida: foi o seu director dende o ano 1986 ata o seu falecemento en 2002.

Nun texto escrito na columna “Á marxe” de *La voz de Galicia* o día 19 de decembro de 1999, realizaba unha loanza da editorial co gallo da concesión da Medalla de Ouro das Belas Artes.



Carlos Casares

Paseo Literario ...

OURO

Antonte pola tarde, cando me chamou o ministro de Cultura para dicirme que o Consello de Ministros acababa de concedernos a Medalla de Ouro das Belas Artes á editorial Galaxia, máis que alegría sentín nostalxia. Acordeime de Ramón Piñeiro, que non puido gozar deste recoñecemento a tantos anos, cincuenta, de dificultades e ilusións. Pero tamén me acordei de Francisco Fernández del Riego e de Xaime Isla, que aí están para contalo. E de moita máis xente, pois esa empresa magna foi posible grazas a un número non pequeno de persoas, desde os empregados ata os subscritores, os autores ou os simples lectores.

Cando eu me fixen cargo da editorial, aló polo ano 1984, Ramón Piñeiro cobraba cinco mil pesetas ao mes. Ás veces, se había dificultades, Xaime Isla tiraba do seu talonario persoal e resolvía a papeleta a fondo perdido, sen que ninguén o soubese. Otero Pedrayo cedeu os dereitos da súa *Guía de Galicia* para que se publicasen máis libros. Etcétera.

Nestes cincuenta anos editáronse arredor de 1.500 títulos, dos que son autores homes e mulleres de todas as cores políticas. E todo iso sen afán de lucro, reinvestindo en funcionamento e novas publicacións todos os beneficios, absolutamente todos, ademais de manter aberta ao público, sen pedir nada a cambio, a Biblioteca Penzol. Mal podían pensar aqueles mozos de pouco máis de trinta anos que en 1950 puxeron en marcha aquel proxecto aparentemente utópico e imposible, que duraría medio século e que aínda non se lle ve o final. Agora concédennles unha medalla de ouro, que vén ser algo así como unha redundancia, pois ouro era xa o que eles levaban nos seus corazóns.

Á marxe, 19 de decembro de 1999

Carlos Casares